



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
Www.academiagalegabelasartes.gal


ENTRADA LIBRE ATA COMPLETAR CAPACIDADE

Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

Bicentenario Marcial del Adalid
(1826-1881)



MARTES DAS ARTES

Javier Cedrón, *violín*
Gabriel López, *piano*

Martes, 29 de setembro de 2026
Ás 19:30 horas
Salón de Actos da Academia



PROGRAMA

JAVIER CEDRÓN, *VIOLÍN*,
GABRIEL LÓPEZ RODRÍGUEZ, *PIANO*

1ª PARTE

MARCIAL DEL ADALID

SCENA CANTANTE

SONATA PARA VIOLÍN E PIANO OP.17

- Allegro assai e con brio
- Andante sostenido e cantábile
- Minuetto
- Fínale. Presto assai

2ª PARTE

ANDRÉS GAOS

SONATA PARA VIOLÍN E PIANO OP. 37

- Allegro con brio
- Adagio
- Allegro moderato

GABRIEL LÓPEZ RODRÍGUEZ

Nacido en Fene, iniciou a súa formación musical aos oito anos co profesor José González. Continuou os seus estudos no Conservatorio Profesional de Música de Ferrol, baixo a dirección de Ricardo Blanco, e culminounos no Conservatorio Superior de Música da Coruña, con Natalia Lamas como mentora. Ao longo da súa traxectoria académica, obtivo as máximas cualificacións e numerosos galardóns, destacando a súa participación e éxito en diversos concursos nacionais e internacionais.

A súa carreira discográfica inclúe colaboracións con artistas como Alejandro Cimadevila, Jorge García Rojo, Alexandre Gallego Medal, David Novelle, Emilio Alonso Espasandín, Antonio Romero Cienfuegos, Mateo Naval, Mencía Resch, a Coral Polifónica Follas Novas e a Coral Polifónica El Eco. O seu último proxecto, xunto a Marcos Mariño, presenta a obra completa para saxofón e piano de Juan Durán.

Como solista, interpretou obras como o Concerto para piano e orquestra n.º 5 “Emperador” de Beethoven xunto á Orquestra Gaos, e o concerto para piano e orquestra en Do Maior de Leroy Anderson coa Banda Municipal de Música da Coruña e a Banda do CMUS Profesional da Coruña, baixo a batuta de Julio Cabo Messeguer. Tamén colabora habitualmente coa Orquestra Sons.

Cómpre destacar o seu labor na estrela absoluta de obras de compositores como Juan Vara, Fernando Alonso, Rudesindo Soutelo, Fernando V. Arias, Paulino Pereira, Margarita Viso e Juan Durán, con quen tamén colabora na edición da súa obra para piano solo, publicada por Editorial Beroly e que gravará proximamente.

No ámbito do canto, tivo o honor de colaborar con artistas de prestixio nacional e internacional como Celso Albello, Irina Lungu, Helena Abad, Thomas Hampson e Leo Nucci. Grazas á colaboración con Amigos da Ópera da Coruña, tamén traballou con novas figuras emerxentes de toda España. O seu talento foi recoñecido por mestres da talla de Daniel Oren, Alberto Zedda e Aquiles Machado, quen ofreceron críticas moi positivas sobre o seu traballo.



JAVIER CEDRÓN

Comeza os seus estudos musicais á idade de 6 anos. Con 9 ingresa no Conservatorio Superior de Música da Coruña, onde obtén o seu título con 18, e á idade de 19 gaña a praza de Profesor de Violín titular en dito conservatorio por Concurso-Oposición.

Paralelamente á súa labor docente, que se estende ao longo dos últimos 30 anos, desenvolve unha ampla actividade concertística que se reparte entre o ámbito da Música Clásica, tradicional e moderna, formando parte de numerosas agrupacións e ofrecendo igualmente múltiples colaboracións.

Cómpre destacar a súa pertenza á Orquestra Municipal da Coruña (1989-91), á Orquestra de Cámara Galega (1995-2003, coa que edita un traballo discográfico estreando como solista o concerto “Arcaico” de R. Groba), e na actualidade como concertino da Orquestra Gaos (2010-21), coa cal tamén edita un traballo discográfico.

Forma parte do grupo Luar na Lubre (1996-2000) nos seus traballos “Plenilunio” e “Cabo do Mundo” (Discos de platino e galardoados con 3 Premios da Música da SGAE), do proxecto de música de raíz “Ball Cans” (2001-02), con traballo discográfico, da compañía “Nova Galega de Danza” (2003-2004) no espectáculo “Alento”, tamén editado, e do grupo de Tangos e música de raíz “Tempo Catro” (2009-20), co que editou “Os ollos que falan”.

Na actualidade traballa con Rosa Cedrón (desde 2007) nos seus tres discos “Entre Dous Mares”, “Nada que perder” e “Nomade”. Realizou colaboracións discográficas con Susana Seivane, Rodrigo Romaní, Uxía, Pepe Vaamonde, Ces e moitos outros artistas do ámbito folk-pop-rock. Compartiu escenario con grandes artistas internacionais como Mike Oldfield, Alasdair Fraser, Ainhoa Arteta, Raphael, Il Divo, Nicanor Zabaleta, Altan, David Grimal e moitos outros nunha carreira concertística de 35 anos de extensión.

